



CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
958/2024	A Xunta de Goberno Local	27/08/2024

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 958/2024. CONTRATACIÓNS. ADXUDICACIÓN “RENOVACION DO PAVIMENTO PEONIL NA RUA CODESAL (ARCA)”.

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto que por Providencia de data 24/06/2024 acordouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 24/06/2024 polo Alcalde foi detectada a necesidade de realizar a contratación da execución do proxecto “RENOVACION DO PAVIMENTO PEONIL NA RUA CODESAL (ARCA)”, elaborado polo enxeñeiro de camiños, D. Pablo Blanco Ferreiro, con motivo da subvención concedida ao abeiro do PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) " POS +2024 "

Dada a característica da obra considérase como procedemento máis axeitado o procedemento aberto simplificado.

Visto prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas que constan no expediente.

Visto que con data 24/06/2024 foi emitido Informe pola Secretaria do Concello sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Vista Acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/06/2024 aprobando o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do contrato de obra “RENOVACION DO PAVIMENTO PEONIL NA RUA CODESAL (ARCA)”, por procedemento aberto simplificado con publicidade no perfil e procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 1532.60900.





Vistas as proposicións presentadas polos licitadores e a proposta da mesa de contratación relativa a adxudicar o contrato a COSMALCA S.L. (B15121783) transcrita na acta que literalmente di:

“La mesa propone al órgano de contratación como adjudicatario COSMALCA S.L. al resultar la oferta más ventajosa de conformidad con lo establecido en los Pliegos.”

Visto requirimento realizado e vista a documentación presentada por COSMALCA S.L. (B15121783) no que indica, *“que en resposta ao requirimento de documentación recibido vía PLACE en data 23/07/2024, para a adxudicación do contrato da obra RENOVACIÓN DO PAVIMENTO PEONÍL NA RÚA CODESAL (ARCA). EXPEDIENTE 958/2024, polo presente comunicamos que unha vez solicitada confirmación de prezos aos nosos provedores habituais de formigón, pigmentos e bordos de formigón a empregar na execución do pavimento das beirarrúas segundo as especificacións de proxecto, a vista da actualización de prezos que nos trasladan nos vemos na obriga a presentar a nosa renuncia a adxudicación da obra citada, ao entender que asumir a execución da mesma cos prezos trasladados polos provedores quebra a estabilidade financeira do contrato.”*

Visto requirimento realizado a empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L. (B15608193) por ser a licitadora que se atopa en segundo lugar e vista a documentación presentada por OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L. (B15608193) según o previsto nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, incluída a constitución da garantía por importe de 2.352,06 €.

En base a anteriormente exposto

Vista a proposta de resolución PR/2024/630 de 14 de agosto de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 21 de agosto de 2024.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Excluir do procedemento a COSMALCA S.L. (B15121783) con motivo da renuncia presentada e adxudicar á empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L. (B15608193) o contrato “RENOVACION DO PAVIMENTO PEONIL NA RUA CODESAL (ARCA)” tramitado por procedemento aberto simplificado, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/06/2024, por importe de 47.041,32 euros, ao que lle corresponden 9.878,68 euros de IVE, o que fai un total de 56.920,00 euros IVE incluído a executar segundo o disposto nos pregos que rexeron a licitación e a oferta presentada.

SEGUNDO. Dispor do gasto por importe de 56.920,00 euros anuais con cargo á partida 1532.60900, do orzamento vixente de gastos. Unha vez rematada a obra incorporárase a correspondente factura facendo as seguintes mencións:

- Oficina contable: LO1150660 Intervención Xeral
- Órgano xestor: LO1150660 Alcaldía-Presidencia





· Unidade tramitadora: LO1150660 Secretaría-Intervención

TERCEIRO.- O obxecto do presente contrato é a execución do proxecto “RENOVACION DO PAVIMENTO PEONIL NA RUA CODESAL (ARCA)”, sendo o prazo de execución de seis meses, tendo a obra unha garantía de un ano.

CUARTO.- Designar como director de obra e responsable do contrato conforme co disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP a Don Pablo Blanco Ferreiro de Estudio Técnico Gallego.

QUINTO. Notificar, nos termos previstos no artigo 158 da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

SEXTO. Notificar OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L. (B15608193) adxudicatario do contrato, o presente acordo e citarlle para a firma do contrato que terá lugar en O Pino, na sala de Xuntas.

SÉPTIMO. Publicar a formalización do contrato de no Perfil de Contratante.

OCTAVO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Perfil do Contratante.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

